

GALICIA SOCIALISTA

VOCEIRO DO PARTIDO SOCIALISTA GALEGO



2ª Xeira

Setembro 78

TABOA

- Editorial
- Día da Patria Galega
- Criterios xerais de política táctica
- Razón de ser.
- 15 anos de loita
- ¿Renovación dos Pactos da Moncloa?
- Política E VIOLENCIA
- A poesía Palestina



15 anos de loita por unha Galicia ceibe e socialista. Mitrin na Cruña.

CONSTITUCION E ABSTENCION

Co próximo Referendum Constitucional culmina o que se deu en chamar a Reforma Política, a través de cal as institucións franquistas debían ser substituídas por un réxime democrático, homologábel cos europeos, e sobre todo estable.

Este proceso controlado e programado desde os centros de decisión económica do mundo capitalista de xeito que o câmbio político non comprometera a continuidade do sistema socio-económico existente e permitira seguir detentando o poder, requiría certas garantías. A potenciación do bipartidismo UCD-PSOE e a política de amplo consenso con AP e PCE son as claves dunha transición da que a Constitución é un fidel reflexo.

Tres son desde a nosa perspectiva os aspectos fundamentais do texto constitucional:

- A instauración da Monarquía sen unha previa consulta popular sobre a forma de Estado. A monarquía como garantía de estabilidade e continuidade ten o seu orixe moito antes de iniciarse a Reforma, esta é, en 1967 cando o actual rei xuraba os Principios Fundamentais do Movemento.
- A consagración do capitalismo -economía de mercado- como sistema socio-económico do Estado español, que sitúa fora do marco constitucional todos os programas de gobernos e medidas abertamente anticapitalistas. Afirmar que con esta Constitución podería haber un goberno socialista cun programa de esquerdas é unha falacia.
- A consolidación do Estado unitario con certa descentralización administrativa. Nén se reconece o dereito á autodeterminación das nacións que integran o Estado español nen se permite a federación das comunidades autónomas. Os Estatutos de autonomía elaborados nas comunidades autónomas téñense que ater aos límites fixados constitucionalmente e poderán seren recortados polas Cortes españolas antes de someterse a Referendum. Incluso dentro do reducido ámbito das competencias autonómicas, o goberno poderá dictar normas que limiten o exercicio daquelas.

Monarquía, Capitalismo e Estado unitario son os tres esteos do proxecto constitucional e que atentan contra os principios democráticos, socialistas e nacionalistas que inspiran o noso ideario o que impide que lle demos a nosa aprobación.

Reconecendo que o proxecto constitucional supón un avance vervo das vixentes Leis Fundamentais, o PARTIDO SOCIALISTA GALEGO propón xa que logo a ABSTENCION no Referendum como xeito de manifestar activamente o desacordo co texto constitucional tanto pola maneira en que foi elaborado como polo seu contido que nega os dereitos nacionais de Galicia e bloquea toda posibilidade de transformación social no Estado español, entregando as manipulacións das multinacionais, sin previo referendum (art. 93).

EDITORIAL

O 25 de Xulio, día tradicional de loita por unha Galicia ceibe e dona do seu destino político, non puido ser este ano, polo sectarismo e as tentacións hexemónicas de uns e polo posibilismo oportunista dos outros, unha data de unidade nacionalista, pero serviu para descalificar como tales a certas forzas e clarificar o panorama político galego.

A concentración no Obradoiro das forzas que queren facer política seria neste país — en expresión feliz dun dirixente do POG — convertiu por unha curiosa metamorfosis consensual o día nacional de Galicia, o día nacional galego, o día da patria galega, da nación galega, de Galicia, nunha manifestación contra o terrorismo e de apoio a unha constitución que nega precisamente os dereitos nacionais de Galicia.

Permanecer enganchados naquel tren da risa carecía de xustificación algunha, pero os comisionistas da dereita e máis os intermediarios do españolismo non tiñan outro obxectivo que o de presentarse en sociedade no pazo de Raxoi, inda que a alfombra estivese feita coas humillacións dun pobo e coa vergonza dunha militancia sodomizada por imperativos imperiosos e imperiais.

Os discursos solemnes e circunspectos dos líderes da esquerda responsable non poideron evitar a explosión de noxo reprimido dos seus deica entón dóciles militantes que silenciaron con asubios e apupos a intervención do presidente da Xunta, reducíndoa a síntese mimica do discurso político durante 40 anos: un movemento maquina vertical e dictatorial de man dereita. A manipulación dos medios informativos non podería encobrir o fiasco da realpolitik paifoca, a gran tourada cómica con Rosón de primeiro espada.

As análises posteriores constituíron unha auténtica deposición política, xustificacións inútiles enfeitadas ás veces cun adubio marxista, inda que de corte Grouchian. Foron desde reducir todo a unha equívoca cuestión de semántica, deica o ter evitado co espantallo do Estatuto nacional e progresista o indubíbel perigo da concesión dun Estatuto rexional, pasando pola ridícula pretensión de ter obrigado ás forzas de dirección española á asunción da cuestión nacional galega.

Encadeados polas palabras astutamente introducidas por estes abelenciosos políticos, o susursalismo ofrece nos seus escaparates electorais unha nova mercancia: Os dereitos nacionais de Galicia. Pero os tendeiros, os métodos de venda, os obxectivos e as casas matrices son as mesmas. A causa dun pobo, esterilizada e aséptica, homologa, ao cabo, o falso nacionalismo e o oportunismo centralista.

Os sospeitosos atentados contra as F.O.P. ocorridos en Galicia no mes de Agosto deron pé a unha tendenciosa campaña de prensa na que se tratou de responsabilizar dos mesmos aos partidos nacionalistas, hipótese que a mesma policía descartou desde un principio. Afirmouse que os comunicados da inexistente LAG estaban escritos en castelán para despistar e mesmo chegouse a acusar directamente a unha determinada forza sindical.

Esta burda e grotesca campaña de procesos de intención foi a primeira reacción da dereita contra o nacionalismo galego, que, pese á súa división, mostrou a súa vitalidade o 25 de Xulio.

A progresiva e desestabilizadora identificación nacionalismo galego esquerda parece aconsellar un câmbio de estratexia que pasa pola potenciación dun partido, galego de dereitas que, baixo o histórico nome de Partido Galeguista, achegue á política do consenso a certos sectores do galeguismo e rache a dialéctica da coincidencia entre loita de clases e loita de liberación nacional en Galicia.

As pezas de este xogo son a Democracia Cristiá fracasada nas eleccións do 15 de Xunio e responsábel da inviabilidade dunha Alianza Federalista e máis os sepulcros do vello Partido Galeguista, sen excluír, se cadra, a certos sectores de UCD con Rosón á cabeza.

O lobo quere meter pastor. A dereita pode crear tantos partidos como queira, pero a usurpación dunhas siglas que son patrimonio histórico do pobo galego, por moi avalada que esté pola senilidade e a miopia políticas, é un fraude.

As lousas da Historia dun pobo poderán ser profanadas impunemente, a súa memoria nunca.

MITIN CONXUNTO EN VIANA DO CASTELO UEDS — PSG

O pasado 6 de Outubro no teatro *Sá de Miranda* de Viana do Castelo (Portugal) tivo lugar un mitin organizado pola UNIAO DA ESQUERDA PARA A DEMOCRACIA SOCIALISTA ó que foi especialmente invitado o PARTIDO SOCIALISTA GALEGO.

Participaron pola UEDS Lopez Cardoso, ex-ministro de Agricultura e deputado dimisionario da candidatura independente, Rui Polonio Sampaio, antigo líder parlamentario do Partido Socialista Português e actual presidente da UEDS, Mario Murteira, ex-ministro de Economía no 4 e 5 gobernos provisórios, Artur Cortez, deputado na Constituinte e concelleiro na Cámara de Almada e Antonio Santos secretario do Comité local da UEDS en Viana do Castelo. Polo PSG participou o Secretario de Relacións Exteriores, Claudio López Garrido.

No mitin, foi exposta a alternativa da UEDS á crise política actual de Portugal, os presupostos básicos dunha alternativa socialista de esquerda, as liñas xerais dunha política económica e as implicacións internacionais da mesma.

Pola banda do PSG, o noso compañeiro Claudio López Garrido na súa intervención sulfoou as semellanzas entre Galicia e o país irmán, que van moito máis alá que o mero parentesco étnico ou cultural pra situar a ambolosdous países nunha posición semellante cara á problemática que tolle o seu desenvolvemento, insistindo na necesidade dunha meirande coordinación dos partidos da península que son auténticamente representantes do socialismo revolucionario de esquerda fronte ás manobras claudicatorias e desmovilizadoras da socialdemocracia nos dous estados — Partido Socialista Obrero Español e Partido Socialista Português — e que responden ós intereses económicos do capital do Mercado Común.

O mitin, ó que asistiu unha nutrida concurrencia, foi seguido dun debate no que participou con grande interese o público e que se prolongaría ate ben pasada a medianoite.

ACTO POLITICO DO PSG EN RIBADEO

O pasado vernes día 13 de Outubro, os nosos compañeiros da Sección Territorial de Ribadeo organizaron unha sesión explicativa da postura do Partido Socialista Galego diante das vindeiras eleccións municipais e do proxecto de Constitución que será sometido en breve a referendun; falou do primeiro dos temas o compañeiro Secretario Xeral de Relacións Exteriores Claudio López Garrido e David García Díaz, militante da Agrupación do Ferrol, abordou o segundo deles.

A asistencia foi numerosa, como adoita sêlo nos actos do noso partido naquela vila noroiteña, e no coloquio aberto tras as dúas exposicións debatíuse amplamente sobre o rechazo desta constitución antidemocrática e antigalega que nos queren facer tragar a dereita e mais as forzas capitulantes do *consenso*. Agardamos ter cumprido os nosos obxectivos de informar e mobilizar ós cidadáns ribadenses.

PODESE DIRIXIR A NOS
en:

FERROL: Rue General Mola, 22—3º
A CRUÑA: Ronda de Outeiro - Edificio
"Divina Pastora. Baixo 9
SANTIAGO: Rua Santiago de Chile, 28
-entrecán dereita.
PONTEVEDRA: Rua Barón, 1-1º
VIGO: Rua do Príncipe, 11—2º Drcha.
OURENSE: Rua Reza, 18-Galerías Ro-
ma. Entrecan-oficina 09

Día da Patria Galega

MITIN DO PSG EN SANTIAGO

O compañeiro Manolo Caamaño, ao presentar o mitin do noso partido no Teatro Principal de Santiago, o 25 de xullo, fixo presente que neste ano —de renunciadas, transaccións e traicións— o PSG veuse obrigado a cvelebrar o Día da Patria Galega en solitario, contra da súa vontade, porque:

a) A actitude de intransixencia e exclusivismo que perdura nalgúnha forza política galega impediu que a manifestación do Día da Patria Galega fora a manifestación de todos os nacionalistas galegos, e o PSG non consintiu que unha organización política se erga co monopolio do nacionalismo galego, cando o pluralismo deste é un feito.

b) O PSG refugou a cerimonia do confusionalismo oficiada na Praza do Obradoiro pola dereita opresora de Galicia e os seus Traballadores —UCD coa Xunta por comparsa— que foi asistida nesta ocasión por partidos e sindicatos que se autodenominan de crise —eis o PC, o PSOE, o PT, as CC.OO, a UGT, a CSUT, o MC, etc.— e mesmo por formacións políticas nacidas galegas —POG, PGSD— concentrados e compadreados nun intento nidamente manipulador do pobo galego.

c) O PSG negouse a constituír un segundo bloque nacionalista pra celebrar este día, pois que desorientaría a moitos nacionalistas non responsábeles das decisións tomadas polos cumios de organizacións políticas cuíbas bases agariman desexos diferentes —lémbranse as firmas de numerosos membros da ANPG pedindo a unidade dos nacionalistas na celebración do Día da Patria Galega precisamente.

E vealá, xa que logo, o porquê de ter optado o PSG polo mitin que non interfeiría outros actos aos que poideran concurrir galegos nacionalistas. Cadendo no seu mitin, xenerosamente, os microfónos aos demais partidos nacionalistas e que teñen compartido connosco o proxecto do Consello de Forzas Políticas.

O mitin foi un éxito. Tocante a público, encheuse o teatro a rebordar. E quen desexe

verificar a obxetividade informativa dos xornais, pode comparar a capacidade real daquel teatro co dato de 500 asistentes ao acto que deron. Verbo do seu contido, as críticas solventes manifestáronse unánimemente favorábeles.

Mario Orxales analizou a realidade plurinacional do Estado español, xustificou a defensa dun estado nacional galego (que non ten por que ser separado, pois o nacionalismo non é arredista necesariamente) e, exemplificando coas súas repercusións no noso campesinado, amostrou a significación magoante pra o país galego dos proxectos integristas internacionais do Estado español. Xoán Gato e Alfredo Fernández Prieto fixeron referencia ponderada á explotación inaturábeles que padecen os traballadores do mar e da industria, debida á secular expoliación de recursos humanos e materias de Galicia, sen que se albisquen síntomas de mellora pola presente actuación gubernamental que tanxe novos instrumentos —os pactos da Moncloa e o consenso constitucional son evidentes exemplos— para perpetuar vellas tocatas. Claudio López Garrido fixo un lúcido análise político da situación que vivimos, reparando nos procesos constitucional e autonómico, na agresión perseverante pola dereita, mesmo que sexa galega, e pola esquerda de obediencia estatal aos partidos nacionalistas, no escandaloso corremento cara a dereita dos partidos estatais chamados comunista e socialista, e concluíu manifestando a vontade do PSG pra encher en Galicia o valeiro existente entre o entreguismo por unha banda e a tentación testemuñal pola outra.

No cabo, dirixiron unhas verbas Xosé Luís Méndez Ferrín, polo Partido Galego do Proletariado, Manuel Rego Nieto, polo Partido Carlista de Galicia, e un membro do Comité de Ascón cuíos traballadores se atopaban en loita dramática contra a dirección daquela empresa. O Bloque Nacional Popular Galego (UPG máis ANPG) que fora, naturalmente, tamén convidado, deu por resposta a ausencia e a calada.

DIA DA GALICIA MARTIR



O 17 de agosto, cabodano do fusilamento de Alexandre Bóveda, Día da Galicia Mártir, o PSG fixo memoria afervorada dos galegos que se teñen entregado en holocausto pola liberdade do noso pobo.

En Pontevedra, conmemorouse a data cunha ofrenda na campa do Bóveda e un acto político na Ferreiría. A primeira, foi presentada por Xosé Luís Vidal e Amalia Gómez. Na Praza da Ferreiría, Luciano Santiago Esperón glosou o significado de Alexandre

Bóveda, Amalia Gómez leu algúns poemas de lembranza do Bóveda, o fillo deste, Xosé Luís Bóveda Iglesias, falou do nacionalismo galego e Claudio López Garrido referíuse aos mártires galegos dos que se fai memoria neste día.

En toda Galicia, o PSG instou das corporacións municipais o urgente acordo de adicarlle unha rúa ou praza importante a Alexandre Bóveda en cada lugar. E, por certo, esta iniciativa foi secundada nalgúns concellos en días sucesivos pola ANPG.

CRITERIOS XERAIS DE POLITICA TACTICA

O pasado día 10 de Setembro o Plenario do PSG (máximo órgano decisorio en períodos intercongresuais) aprobou a ponencia que sobre "Política táctica" fora presentada pola Secretaría Xeneral Colexiada; dado o seu intrínseco carácter de comprensión da postura do Partido diante dos próximos eventos políticos reproducimos neste número de GALICIA SOCIALISTA unha escolma do texto nos seus aspectos máis xerais.

Nos derradeiros anos da ditadura, plantexouse á clase dominante en España a necesidade de introducir cambios profundos no Estado, o seu instrumento de dominación. O Estado fascista tiña realizado compridamente o seu papel: manter amordazadas ás clases traballadoras e ás nacións oprimidas, para permitir a acumulación de capital que esixía a posta ó día do capitalismo español. E unha vez acadado este obxectivo, o vello aparello tiña pasado a constituir un perigo pra pervivencia do sistema; pois cada vez facíase máis aguda a contradición entre un Estado de corte feixista e a sociedade "avanzada", que se fora xestando baixo el. O conflito manifestábase en especial intensidade en dous campos, o da loita pola liberdade e os dereitos democráticos e o da loita polas liberdades e os dereitos nacionais. Era necesario, pois, dar paso a unha forma de Estado que mitigara estas tensións —pra que o capitalismo puidera contar de novo cun marco político estable onde medrar— e que, ó mesmo tempo, fose homologable ó dos Estados capitalistas do espazo xeopolítico no que se enxerta o español.

Hai moitos tipos de Estado democrático capitalista e, lóxicamente, a clase dominante tiña de procurar que se chegara ó máis comenente pra ela: aquel no que a participación real do conxunto do pobo na elección e o control dos órganos legislativos e gubernativos sexa mínima —dentro do democrático— e, en troques, sexa máxima a ilusión de que se está realmente participando e controlando. Este é o ideal de toda burguesía: lograr unha base social o máis ampla posible pra un Estado no que, á hora da verdade, sexa ela quen sigue monopolizando o poder político. Mais, esta especie de cadratura do círculo non era doada; e, sobre todo, a clase dominante non podía conseguilo por si soa: precisaba a colaboración dalguén que gozase de credibilidade entre o pobo, dalguén que as clases traballadoras considerasen como algo propio, da chamada oposición de esquerda.

Nefecto, se a esquerda non consentira en representar a clase dominante ó día dunha democracia de opereta, habería que xogar a partida en serio, habería que se resignar a que a ditadura fose substituída por unha democracia real na que o control democrático non sería unha frase oca; na que habería que dismantelar os aparellos represivos do feixismo e, en certa maneira, compartir o poder con outras forzas nunha situación moito menos cómoda. Situación que en absoluto tivera sido revolucionaria nin prerrevolucionaria; senón simplemente de creba democrática, tal e como a mesma esquerda plantexara nun principio. Situación que, ademais, sería aceptada, por máis que fora a regañadentes, pola clase dominante; pois non lle quedaba outra saída. A pantasma do golpe militar, nas condicións da España de 1975, non era máis que eso: unha pantasma esgrimida por tirios e troianos pra xustificar as súas actuacións.

Deixa el, a situación vista desde o lado da clase dominante. Vexámola agora desde a outra banda. ¿Qué debían perseguir as clases traballadoras e as nacións oprimidas do Estado español diante da crise do Estado? Dende logo, non podían soñar cunha revolución; pois que non se daban as condicións necesarias. Pero si aproveitar os problemas e a desorganización momentánea do enemigo pra tirar as maiores vantaxes posibles —tanto no terreo das liberdades formais como no das liberdades sindicais e nacionais. E parece innecesario lembrar que a obriga da chamada esquerda —no tanto que representante das clases traballadoras e forza organizada ó seu servizo— era empregar todas as súas enerxías en arrincarlle ó poder tantas máis concesións mellor.

O comenzo, todo semellaba que ía ser así. Frente á "reforma" dos neofranquistas ergulouse a "ruptura" da oposición. E, aparentemente, ambos procesos ían desembocar no mesmo —unha democracia capitalista— pero na práctica había grande diferenza. Se triunfara a ruptura ou creba, a clase dominante tería que compartir realmente o poder; pois o novo sistema político sería o resultado dunha loita de clases real, da que a clase dominante tería saído parcialmente derrotada. Os partidos da oposición terían conquistado o seu lugar ó sol polos propios medios; probando a súa forza popular e empregándoa. En consecuencia, a correlación de forzas da nova democracia e as regras de xogo que se implantarían terían sido moito máis favorables ás clases traballadoras. En troques, se a ruptura se substituíra por unha reforma otorgada mediante consenso, a clase dominante seguiría levando a batuta de todo o proceso e as forzas políticas da oposición democrática farían confesión pública de impotencia, o que as colocaría inmediatamente no papel de comparsas —imprescindibles, pero comparsas— na construción da democracia.

Todos sabemos que este último é xustamente o que sucedeu. A chamada esquerda —con honrosas pero politicamente inútiles excepcións de pequenos partidos e, por suposto, da extrema esquerda anarquista e marxista-leninista— rendeuse desde o primeiro momento sen librar

siquera a primeira batalla. O PSOE e o PCE, forzas hexemónicas dese esquerda, culminaron así o seu longo proceso de dexeneración socialdemócrata e deixaron ben craro a súa renuncia a loitar de verdade polos intereses dos traballadores fronte ós do capital, pola defensa das nacións oprimidas fronte ó Estado opresor, en suma, por destruír algún día a sociedade capitalista e construír a sociedade socialista.

Noustante, pra poderén cumprir cón eficacia o seu papel de amortiguadores das contradicións do capitalismo, de bombeiros do neofranquismo, o PSOE e o PCE téñense que esforzar porque o pobo crea que son o que din ser o non o que realmente son. Téñen que convencer a todos de que a súa é a única política "de esquerda" posible hoxe; e que calquera outra, son probes utopías de extremistas ou alucinados. E pra logralo, calquera método é bon; desde poñer medo ó perigo inexistente dun golpe militar, hastra expulsar sen contemplacións ós militantes descontentos, pasando polas manobras pra destruír ós poucos partidos que souperon manterse no seu sitio, ou o emprego das súas centrais sindicais pra impoñer burocráticamente a aceptación desa explotación extra que é o Pacto da Moncloa. Neste marco, o PSOE e o PCE téñen establecido unha estratexia verba do resto da esquerda tendente a dividir o espectro político do país en dous campos radicalmente diferenciados:

1) As actuais forzas parlamentarias. Que serían as únicas con dereito a unha presenza política na legalidade democrática: ó prezo de aceptar todos o que dicten as reducidas camarillas que firman consensos habidos e por haber. O PSOE e o PCE serían a esquerda dese sistema pechado e falsamente democrático, e actuarían na práctica como garantes do apoio popular á farra institucionalizada e, en caso necesario, como solucións de recambio pra cando o goberno da dereita propiamente dita sufra un desgaste excesivo.

2) Os prosócritos. Sexan de extrema dereita ou de extrema esquerda. Doamente aliados no ghetto do terrorismo, nunca serían un problema político, unicamente poderían ser problema de policía especiais. E, abalecosamente manipulados, estes grupos serven ademais pra inspirar no pobo certos temores e precaucións nos momentos oportunos.

Este esquema bipolar sería o ideal, tanto pra UCD ou AP —que así estarían seguras de que non habería nunca máis unha verdadeira política de esquerda— como pra o PSOE e o PCE, que converterían a súa hexemonía en monopolio. Pero, por moito que o intenten, as forzas do sistema non poderán manter oculto por moito tempo ese valero político que deixou o corrento cara á dereita dos partidos de esquerda; valero que nunca poderán cubrir ou encher os partidos de extrema esquerda. Tanto no conxunto do Estado como en cada unha das súas nacións —ceccás ca única excepción de Euskadi— hai un enorme espazo político por cubrir. E ese é o espazo que téñen de ocupar partidos novos, capaces de acabar cos pactos por riba e os consensos das camarillas, capaces de voltar á práctica política dos verdadeiros revolucionarios: nidia ante si mesmos e ante o pobo, flexible e firme á vez, sen presas porque a revolución é longa, enraigada nos traballadores e os pobos oprimidos e nutridos das súas necesidades e inquedanzas, poñendo sempre os intereses xerais por riba das espúreas ambicións persoais dos xefecifios.

Esta nova esquerda non debe aceptar a bipolarización na que queren abafala. E polo mesmo, debe refugar as dúas tentacións que inevitablemente se dan hoxe no seu seo: a **tentación realista** que a empurra a integrarse nalgúnha das forzas da "esquerda" do sistema ca vana esperanza de reformala desde dentro e devolvela ó campo da verdadeira esquerda, e a **tentación testemuñal** de facerlle frente ó oportunismo omnipotente cun purismo revolucionario exacerbado que na práctica supón decote a máis absoluta inoperancia política.

E debe evitar tamén os vicios correspondentes a esas tentacións: 1) O **oportunismo posibilista** que, co pretexto de que só é posible facer "eso" en cada momento ía "eso" é sempre o que á clase dominante lle convén que se faga remata por enfocar as súas accións políticas exclusivamente en función de vantaxes inmediatas, aínda que esto supoña anular por completo a incidencia da meta final no quefacer cotián. Con elo, os obxectivos finais convirteñen axiña nun mero adorno retórico. 2) O **dogmatismo extremista**, propio da extrema esquerda, que —como reacción fronte ó anterior confunde a flexibilidade táctica co oportunismo e acaba por querer acadar os obxectivos estratéxicos inmediatamente. E dicir, substitúe a táctica pola extratexia e condénase á inoperancia política.

E debe fuxir a nova esquerda doutro vicio que contribuíu notablemente a que se chegara á situación actual e a que sexa tan difícil saír desta: a dexeneración orgánica dos partidos que reproducen no seu seo (tanto no modelo organizativo socialdemócrata como no estalinista) as rela-

cións de desigualdade, dominación e control burocrático das masas que se dan na sociedade, e convirten as bases dos partidos en carne de cañón ó servizo dos intereses das camarillas dirixentes, incapacitadas pra análise crítico e autocrítico e capan a súa capacidade pra derrocar ós seus dirixentes e substituílos por outros máis acordes ca natureza teórica do partido no que militan. Por eso, hase ter ben presente que a democracia directa non é só "éticamente satisfactorio", senón que é sobre todo unha condición imprescindible pra neutralizar a tendencia a dividir o partido en clases e a desvío dos seus métodos e a súa política de orixen.

O PSG participou —e diríamnos que inevitablemente— da ambigüidade política que conleva hoxenda o termo socialismo. Pois no PSG coexistiron tentación socialdemócratas con preocupacións certamente socialistas. Aquélas con tendencia a unha política morna e pactista —tanto na loita de clases coma na loita de liberación nacional— un tanto dadas a acordo polos cumios en primeiro lugar. Estas, ocupadas prioritariamente na construción dun verdadeiro partido de masas.

A loita entre ambas actitudes fíxose patente no instante en que o PSG acadou un certo peso político no país —cadrando ca transición ó postfranquismo— e resultou violenta na medida en que o PSOE manobrou tentando a absorción do PSG. Extendeuse desde a inauguración do Congreso do PSG, en xaneiro do 1977, até a saída dos competentes do Colectivo Socialista, na primavera do 1978, que se foron integrar descontentos no PSOE. E na mesma consumíronse, destrágándose, moitas enerxías do partido nunha época decisiva. Mais, de resultados, o PSG ten unha homoxeneidade e conta cunha conciencia política, ademais dun caudal de experiencias, que ben poden compensar a perda dun mangado de militantes con aspiracións diferentes ás do partido.

O PSG atópase, ó cabo, —e aínda que cun certo retraso— en condicións de ocupar realmente o espazo político que se ten asignado. Un espazo que xurde das condicións da realidade galega con tanta forza que fai que o PSG exista e camiñe despois dunha crise que normalmente liquidaría a partidos incluso máis fortes que o PSG. O PSG alenta porque é necesario.

Lembremos a definición do espazo político que abrangue o PSG na formulación dos seus obxectivos como se aprobou na ponencia **Política táctica**: "os obxectivos estratéxicos fundamentais do PSG resúmenne na construción dunha sociedade socialista nunha Galicia ceibe. Dahi despréndese a necesidade dunha estratexia enxertada na loita de clases en Galicia e no proceso de loita pola liberación nacional do pobo galego enxergados ámbolos dous como fenómenos emparellados e combinados, que non se dan separadamente. Quere dicir isto que a contradición de clase e a contradición nacional combínanse e refórzanse no seu papel dinámico dentro da formación social galega. Quere dicir, noutras palabras, que a loita nacional pasa por unha perspectiva de clase. Isto, que pra un partido marxista é un principio inmutábel en termos xerais —dado que un tal partido loita polos intereses das clases traballadoras e que o asoballamento nacional tradúcese nun reforzamento de explotación da clase e da maxinación social, política e cultural das clases populares do ente nacional— constitúe na Galicia de hoxe, un principio se cadra máis nidio e inexcusable que noutras nacións; dada a situación de subdesenvolvemento e asoballamento colonial na que o imperialismo ten confinado ó pobo traballador de Galicia, ó traveso da acción opresora do Estado español e das clases dominantes, do bloque hexemónico, que ostentan nel o poder económico e político. A aplicación deste criterio conduce, xa que logo, a procurar a alianza das clases populares non explotadoras que téñen que protagonizar, combinadamente, a loita contra a explotación e a colonización".

Pois a loita pola consecución dos obxectivos anteditos élixenos hoxe, entre outras cousas, a construción dun partido de características moi concretas:

—**Partido de masas.** Fortemente implantado nas clases traballadoras, obreiras, labrega e mariñeira. Capaz de impulsar éstas á súa organización e mobilización pola defensa dos seus intereses inmediatos e pola consecución dunha sociedade socialista plenamente democrática.

—**Partido de democracia interna directa.** Fomentando ó máximo a homoxeneidade intelectual e política dos seus membros. Controlando a xestión dos órganos dirixentes, co fin de que non se poidan formar no partido unha sorte de castas dirixentes que, á larga, anularían a capacidade revolucionaria do PSG e a súa vinculación cos intereses do pobo.

—**Partido non oportunista.** O teito da nosa flexibilidade será decote a colaboración cos que explotan ó pobo e oprimen a Galicia, adoptando medidas contrarias ós intereses inmediatos ou mediatos destes. Un partido non oportunista non tería firmado, poñamos por caso, o Pacto da Moncloa que é un cheque en branco pra que o capital solución a crise económica á conta dos traballadores e o goberno retrase e desvirtúe canto queira a cesión de autonomía.

—**Partido non electoralista.** Conforme co acordado na mencionada ponencia **Política táctica**: "O poder organizado que o partido representa non se apoiará tanto nos votos que poida arrecadar pra acceder a funcións de

15 ANOS DO P.S.G.

RAZON DE SER

O PSG, fundado clandestinamente o 23 de agosto de 1963, hai 15 anos, é un produto natural do nacionalismo galego; culminación, éste, do galeguismo que agromara cos provincialistas, animadores do levantamento de 1846. O movemento nacionalista galego tenta dotar a Galicia dos instrumentos de poder propios que lle acaen á nosa condición de nación. Flíxose presente no país coas Irmandades de Fala, en 1916; tendo a súa primeira formulación política no Partido Galeguista, artífice do Estatuto de Autonomía de Galicia, refrendado polo pobo galego en 1936. E foi vilmente masacrado polo feixismo, vencedor da guerra civil.

Afuzado o réxime franquista, arredor de 1950 liquidárase o PG e encarreirárase a resistencia galega pola vía cultural, que era a única algo practicábele daquela. Logo, na década dos 60, coa primeira xeneración de posguerra na universidade e operante o galeguismo reintroducido pola vía cultural antedita, restabelécese a actividade política galega polo vello das organizacións partidarias.

Carente Galicia de calquera formación política propia e ausentes de Galicia tódalas forzas socialistas organizadas, un grupo de vellos galeguistas e mozos universitarios danlle vida e pulo ao Partido Socialista Galego. Ao tempo que xurden, igualmente, a organización comunista UPG e un intento de Democracia Cristiana, tamén galegas. E con elo organizábase novamente o movemento nacionalista de Galicia; este vez diversificado no espectro de formación políticas máis caracterizadas na Europa do entón. ¿Motivos? O análise de clase, e mesmo a experiencia do finado PG, informaba que o artellamento do nacionalismo galego nun solo partido, interclasista, sería inestábel.

O PSG e a UPG (coas súas escisións, POG e PGP) mantéñense no rego. Mentres que o intento democristián arrandábase da zoca pra o cacho —PGSD, PPG, refundición resucitadora do PG— probando que en Galicia, hoxe, non é posible máis nacionalismo que o de esquerda. E ben sintomático o descalor e a violencia con que hoxe atacan ao nacionalismo galego persoais do galeguismo, hastra onte supostamente de esquerda, pra xustificaren o seu posicionamento na dereita antinacionalista por máis que se chame galego.

O PSG naceu co lema "federalismo, socialismo, democracia" na fronte daquel seu primeiro voceiro, **Adiante**. Afirmando que Galicia ten dereito a se producir con personalidade propia no ordo político xa que ten ésta nos ordes xeográfico, antropológico, socioeconómico e cultural. Declaraba que "somentes os principios políticos, económicos e éticos do socialismo democrático permiten conquistar de cheo o óptimo social na actividade económica colectiva sen asoballar a condición humana". E bótouse a camiñar ben atento á problemática do socialismo a nivel de Estado —participou no Secretariado de Coordinación Socialista, no Grupo pro-Congreso Socialista, na conferencia Socialista Ibérica, etc.— procurando a coordinación táctica de tódalas forzas políticas de oposición ao franquismo —a Coordinadora de Forzas Políticas e Sindicais, en 1971, é un exemplo —mergullose nos conflitos políticos e sociais en Galicia— Castro de Miño, poñamos por caso— e profundizou especialmente no análise, na pescuda e na divulgación da realidade e a situación galega.

E foi de resultados deste riguroso análise, precisamente, do coñecemento certo da nosa realidade concreta, alumeando a necesidade de transformala en función dos verdadeiros intereses dos traballadores galegos, de onde se deram os elementos decisivos dos principios básicos e o modelos organizativo que definen ao PSG consecuentemente. Un partido estruturado territorial e sectorialmente ao mesmo tempo, que adopta o marxismo como fonte de inspiración



teórica primordial e como método de análise e guía pra a acción política revolucionaria que transforme de xeito radical a estrutura da sociedade galega presente, nunha sociedade socialista sen clases, construída por e pra o pobo galego.

Compre deixar constancia de que algúns membros do PSG, á hora da verdade, non asumiron integramente estes resultados que foron acadados colectivamente; porque se revelan incompatíbeles co tipo de partido e o ideario político acomodábele ás súas aspiracións persoais. Estes "compañeiros", facendo pé no PSG quixeran potenciar o seu brinco a un partido nominado socialista que presenta o engado da alternativa de goberno próxima, pola súa caracterización socialdemócrata e a obediencia estatal de feito.

O ano 1976, o PSG fusionouse co MSG. Este era unha formación política galega; mais a maioría dos seus membros atópanse incluídos no grupillo antedito que camiñou pra o PSOE lixeiro. Tamén o 1976, constitúese a FPS (Convergencia Socialista de Andalucía, Convergencia Socialista de Aragón, Convergencia Socialista de Cataluña (PSC7, Convergencia Socialista de Madrid Región, Eusko Sozialistak, Partido Socialista de Canarias, Partido Socialista Galego, Partit Socialista de les Illes, Partit Socialista del País Valencià, Reconstrucción Socialista de Asturias e Reconstrucción Socialista de Murcia) organizándose os socialistas consecuentemente co artellamento federal do Estado que é postulado polo PSG. Algo antes, tiñase constituído en Galicia o CFPD, que integraron o PSG, o PGSD, e UPG, o MCG e o PCaG; cadrandos conforme coas aspiracións do PSG que estivo decote por unha conxunción estratéxica das forzas do país cara unha alternativa política galega.

¿Resultados? Tanto a sensibilización galega do noso pobo, alagado en sangue polo terror da dictadura, como a constitución de partidos e plataformas políticas nidiamente galegos, e máis o artellamento federal dos socialistas a nivel de Estado, teñen incluído positivamente no proceso de liberación do pobo galego, que vai tomando conciencia de si mesmo, adianta na diferenciación entre o propio e o alieo, desacomplexase e autofirmase na esperanza dun novo abrente... gracias a estes feitos. A galeguización e a asunción do federalismo pola maioría das organizacións de obediencia estatal é un reflexo do anterior; e por máis que éstas non sobrepasen apenas o nivel formal, alertan á opinión galega que esixirá unha política realmente galega, descalificándose os oportunismos incuestionábelmente. E encarreirase a liberación real dos traballadores galegos, que é a razón de ser do PSG.

Que o PSG ten cumprido un papel relevante na vida política galega non se dubidará. Pro, ¿o futuro qué demanda? A historia pedirálle contas aos "galeguistas" que fan o posíbele porque a representación do pobo traballador galego recaia únicamente nas organizacións que imperan estatalmente.

O PSG loitou polo creba democrática, proposta común da esquerda algún día, que debería supor unha certa derrota da clase dominante; polo que ésta veríase forzada a compartir o poder coa esquerda realmente. Pero trunfoi a reforma neofranquista, otorgada mediante consenso; debido ao colaboracionismo dos partidos de esquerda hexemónicos no Estado —PCE e PSOE— que lle deixaron á burguesía a exclusiva na reformulación do Estado segundo as comenencias do capitalismo actual: mínima participación e control popular dos órganos legislativos e

gubernamentais, coa máxima ilusión de participación e control dos mesmos.

Pois en situación tal, tendo renunciado os partidos hexemónicos da esquerda estatal a loitar en verdade polos intereses dos traballadores fronte aos do capital e pola defensa das nacións oprimidas fronte ao Estado opresor, ¿non son indispensábeles partidos políticos capaces de impulsar a organización e a mobilización de clase traballadora pola defensa dos seus intereses inmediatos e pola consecución dunha sociedade socialista plenamente democrática, partidos non oportunistas cuido teito de flexibilidade non pase pola colaboración cos explotadores do pobo galego que son opresores de Galicia, partidos non electoralistas que participen nos procesos electorais



únicamente pra facer chegar a todo o pobo as súas denuncias e os seus programas utilizando a representación que acaden pra dar exemplo de honestidade e coherencia a máis de facer crítica constante do sistema social e político que agocha a irracionalidade coa miseria e o sofrimento baixo caruta democrática. Parece obvio que así é.

Este partido político é o PSG. Un partido entre o oportunismo posibilista (que actúa en función de ventaxas inmediatas alnda que se atúe o canle pra o obxectivo final) e o dogmatismo extremista (que, confundindo a flexibilidade táctica co oportunismo posibilista, sustitúe a táctica pola estratexia condenándose á inoperancia política). Galicia e o pobo traballador galego necesitan. Velar por qué non desapareceu nin desaparecerá o PSG. Eis un campo idóneo pra a actividade política constructora do futuro socialista en Galicia.



15 ANOS DE LOITA

POR UNHA GALICIA CEIBE E SOCIALISTA

O sábado 21 de outubro celebrouse na Cruña un mitin conmemorativo da fundación do PSG que leva 15 anos de loita arrea pola liberación real do pobo galego. Cunha asistencia certamente extraordinaria pra o que é usual en actos desta natureza actualmente: a capacidade do Polideportivo anda polas 3.000 persoas e atopábase practicamente cheo.

Abriu o acto Eduardo Gutiérrez Fernández, secretario de formación do PSG, facendo memoria en poucas verbas da historia, a razón de ser, o proxecto de futuro e o aparello organizativo do partido. (Resultado especialmente emotiva a impresionante ovación do público á cita de Xosé Manuel Beiras, ausente do acto por motivos de saúde). E pechouno Claudio López Garrido, secretario da relacións exteriores, cunha intervención medida e brillante encol da situación política actual considerada desde a óptica do P.S.G., especialmente no tocante aos procesos constitucional e autonómico, ao pacto social que se intenta polo goberno e algunhas organizacións políticas ou sindicais e ao entreguismo suicida dun sector do vello galeguismo que se deixa manexar pola dereita instalada no poder.

Falaron, ademais, e por este orden, Vicent Ventura, home fundamental na constitución da FPS que inspira os **Círculos Constantí Llombart** do País Valencià, Cesar Oliveira, da formación política portuguesa **Uniao da Esquerda para a Democracia Socialista** e Ebertahd Groske do



Partit Socialista de les Illes; téndose recibido mensaxes de adhesión e solidariedade, entre outros, do **Bloc de Treballadors** de Catalunya e do **Partido Socialista de Canarias** que por uns ou outros motivos non puideron estar presentes na Cruña aquel día. Das palabras de todos eles é especialmente significativa a total coincidencia en felicitar ao **Partido Socialista Galego** por saberse manter con firmeza e dignidade, fidel aos principios que o inspiran, no espazo socialista galego; resistindo con enerxía os continuos ataques do PSOE que se chufa de ter esnaquizado outras formacións socialistas en diferentes nacionalidades. Así como a condena unánime da manipulación do socialismo que están a practicar hoxendia o PSOE en España e o PS en Portugal, posicionándose ambos na socialdemocracia xestora dos intereses do capitalismo multinacional, alínda que tenten facer ver o contrario, hipotecados ao SPD alemán e demais influencias que configuran a internacional socialista á que pertencen.

Este mitin foi un éxito completo. E a cea de irmandade que o seguiu tamén resultou numerosa e entrañábel. Agardamos que este día signifique, ademais, o comezo dun **encuentro socialista ibérico** frutífero no aparello futuro das formacións políticas da Península que non renuncian ao nome nin á práctica socialista en profundidade.

(Ven da páx. 3)

CRITERIOS XERAIS ...

goberno na sociedade, como na capacidade de mobilización na loita cotián pola conquista de esferas de poder político nesa mesma sociedade a nivel de base, entendido como fundamento da viabilidade calquera asalto ó poder e calquera función de goberno que non sexa de bombeiro do capitalismo". O que non significa descartar a participación nos procesos electorais, senón ó contrario: unhas eleccións, son unha batalla política e toda forza política real ten de estar presente nesta batalla, porque é unha ocasión única pra facer chegar ó pobo enteiro o seu programa e as súas denuncias. Participar nunhas eleccións non ten por que significar a renuncia á propia razón de ser; debe ser ocasión de defender esta razón e máis de propagala. E se é que se consiguen postos de representación pública, non se terán pagado co vergoñento precio da traición ó pobo. Debendo aproveitalos pra dar exemplo de honestidade e coherencia. Convertíndolos nunha arma de propaganda ideolóxica. O tempo que se reviran en instrumentos pra crítica dun sistema social e político que agacha baixo o carauto democrático irracionalidade, sufrimento, miséria e opresión a mancheas.

Queda definido o espazo político que ten de ser o PSG: o do socialismo democrático, nacionalista e revolucionario; que ningún outro partido ocupa, nin ocupará. Tan lonxe do

portunismo vergoñento e do centralismo descarado do PSOE e do PCE, coma do extremismo autoritario e instrumentalizador das masas que é propio dos partidos marxista-leninistas, ou do nacionalismo insolidario, por máis que diga e badúe a UPG.

En concordancia cos análises e valoracións expostos, os criterios rectores da táctica do PSG nos meses vindeiros serán:

— **Respecto ó campo nacionalista.** A situación ten cambéado radicalmente de dous anos a esta parte. Daquela, a correlación de forzas permitía intentar organismos suprapartidarios, do tipo do CFPD, que coordinaran ás forzas nacionalistas e tiraran doutras forzas pró mesmo campo. Obligando a poñer por riba dos intereses partidarios intereses de tipo unitario. E isto foi o que fixo o PSG, ca súa **Proposta pola unidade**, no outubro de 1976. Hoxe, as forzas nacionalistas atópanse nunha situación e circunstancias que fan imposible a consolidación de organismos unitarios a corto prazo.

Polo tanto, e dado o desartellamento do campo nacionalista, desgraciadamente, —por máis que puidera semellar esaxerado— o afortalecemento da esquerda nacionalista galega pasa polo PSG.

— **Verbo da unidade dos socialistas.** O PSG sempre foi partidario da unidade dos socialistas que loitan consecutivamente e sistematicamente pola emancipación das clases traballadoras e pola liberación nacional dos pobos. E non está disposto a hipotecar a súa práctica socialista, que é a única práctica socialista en Galicia, por ganancias doadas que o levarían a autonegarse. E por elo que a unidade dos socialistas en Galicia pasa irremediabilmente polo PSG.

A loita común no marco dun Estado único esixe, ademais, coordinar a tódolos socialistas do Estado. E o Fracaso da FPS —debido, esencialmente, ós ataques do PSOE, xunto ca traición dos dirixentes do PSC— non debe facernos renunciar a tentar o mesmo por outros vios. O labor de contribución á organización é á renovación do socialismo federalista —verdadeiro— no marco do Estado español, ten de ocupar un lugar importante na táctica e na estratexia do PSG.

— **Política de alianzas.** Consecuentemente ca natureza do partido, o PSG teimará por axustarse ó seguinte orden de prioridades á hora de establecer alianzas tácticas:

- 1) Pacto das forzas nacionalistas.
- 2) Ampliación, en segunda instancia a toda a esquerda. Unidade popular.

POLITICA E VIOLENCIA

A violencia está acobillada no poder constituído en toda sociedade clasista, está presente, en forma diversa na dinámica social mesma, mentres existan clases sociais antagónicas.

O terrorismo acompaña ás veces como fenómeno marxinal aos grandes cambios da Historia, pero nunca os provoca nen os sobrevive. Pode alterar máis ou menos o orde establecido pero nunca chega a destruílo.

É doado denunciar a violencia, toda violencia. Arrincar as súas carautas é moito máis difícil. O terrorismo nunca xurde da nada. Hai causas que rara vez o xustifican pero que sempre o explican. A teoría policial enséñase que as técnicas máis sofisticadas son ineficaces mentres non están avaladas pola comprensión dos motivos e do comportamento dos activistas. Unha sociedade que é incapaz de mirar de fronte as súas insuficiencias agrava o mal e busca xustificacións en vano.

As condenas da violencia veñen de onde veñen que profiren ritualmente quen quixera facer esquecer a súa, máis todas as que orgaizou e encubriu, non deixan de ser confusas.

As simplificacións descritivas, sen contido político, nunca explican un problema desta natureza. Tal é o caso do esquemático análise de Annie Kriegel do P.C. francés baseado na concepción das poboacións en círculos concéntricos. Nos núcleos centrais (tanto de esquerda como de dereita) está o partido en armas, que se rodea de sucesivos círculos que van desde a complicidade directa, pasando pola simpatía, deica a indiferencia. O férreo control central que non tolera ningunha disidencia vai xenerando unha espiral de autodestrución na que se consume o fenómeno.

As condicións políticas de cada país confírenlle á violencia unha especificidade propia en cada caso.

Así en Alemaña que é un Estado desenvolvido, as concepcións da fracción Exército Roxo veñen explicadas nas seguintes palabras de Ulrike Meinhof: "Só a guerrilla urbana pode impedir a chegada dun novo fascismo orgaizado a escala internacional que en Europa ten un instrumento privilexiado, a socialdemocracia, apoiada na enorme potencia económica do imperialismo alemán, o cal está á súa vez sometido á hexemonía do capital alemán. Este superpoder despois de ter disuadido en Occidente toda contraofensiva proletaria someterá aos países do Terceiro Mundo. Para que fracase este proxecto hai que baterlle no corazón. A forma de orgaización do internacionalismo proletario nos centros do capital seña a guerrilla nas metrópolis".

O obxectivo é abater ao mesmo tempo o capitalismo e a democracia formal. Esta óptica aceptada por unha minoría infima conduce ao aillamento, xa que uns cantos atentados non abondan para crear unha auténtica guerrilla urbana. Farán correr o sangue, manterán un clima de inseguridade, pero non destruíran o sistema. Moí ao contrario provocan a repulsión e a indignación xeral.

As Brigadas Roxas parten dunha concepción distinta. Consideran Italia como un país subdesenvolvido cunhas características que permiten a creación dun "exército revolucionario. O seguinte texto é ben explícito: "Creemos que a acción armada é únicamente o intre culminante de un amplo traballo político a traveso do cal a avanguardia proletaria e o movemento de resistencia se organizan de xeito directo en función das súas necesidades reais e inmediatas. Noutros termos, para as Brigadas Roxas, a acción armada é o remate dun traballo de clase en profundidade: é a súa perspectiva de poder".

Os atentados das Brigadas Roxas non movilizaron deica hoxe á clase obreira, pero serviron admirabelmente aos pontifices do orde.

Máis coñecido por nós é o caso de Euzkadí onde a loita armada ven definida nunha perspectiva de liberación nacional. A evolución na estratexia de ETA, desde o atentado selectivo deica o actual e sistemático ataque ás FOP e aos mandos militares, parece buscar a intervención directa do Exército que cree unha situación semellante á do Ulster coas tropas británicas.

Poderíamos seguir analizando outros casos, como o de Irlanda ou Córcega, e advertiríamos sempre unhas características propias e singulares.

A violencia da ultra-dereita e a súa impunidade é de sobrecoñecida no Estado español, o mesmo que a chamada estratexia da tensión ou trama nera da dereita italiana desde 1969.

A tendencia a identificar toda violencia sen analizar as causas que a provocan en cada caso, pretendendo que todo é o produto único dunha civilización que nos conduce aos primeiros límites, constitúe unha simplificación que encerra calculadas inexactitudes.

Os gobernos europeos non necesitan da extrema

dereita para defender ao Exército ou ás forzas de orden público. O telón de aceiro tampouco protexe aos terroristas. Todo isto sábese. Tanto á esquerda como á dereita, os dirixentes políticos, desfasados, vellos ou envellecidos prematuramente son incapaces hoxe de mobilizar a ninguén utilizando as palabras máxicas de outros tempos, feixismo, comunismo, porque foron utilizadas deica o aborrecemento, porque non corresponden xa a perigos presentes. Estes discursos das orgaizacións democráticas (denominación coa que se pretende deixar como antidemocráticas ás forzas que non suscriben os seus análises) son tan pouco eficaces como os chamamentos papais a prol da paz, fórmulas rituais para desgracias xamais evitadas.

Estas mobilizacións e chamamentos ofrecen únicamente unha publicidade inesperada, pero sobretudo equivócanse de blanco e desvían a atención dos verdadeiros obxetivos perseguidos polo poder.

A manipulación periodística dos sospeitosos atentados dunha orgaización desconocida por inexistente en Galicia, LAG, apuntaba claramente a frenar o pulo do nacionalismo galego ao que se fixo responsable, cando non se lle acusou abertamente. Sabíase desde un principio que o orixe de tales atentados era alieo a realidade política galega, pero a campaña tiña como obxectivo á esquerda nacionalista.

Casos semellantes téñense dado xa noutros países de Europa. Abonda recordar os procesos de intención da dereita alemana contra Gunther Grass e máis Heinrich Böll, considerados intelectualmente responsables dos asasinatos da Baader-Meinhof, ou campaña do P.C. italiano contra Alberto Moravia e Leonardo Sciascia acusados de complicidade moral co terrorismo das Brigadas Roxas.

A Caza de sindicalistas sostida nos USA durante a primeira guerra mundial polos Law and order Committees e dirixida polos grupos patronais é outro triste exemplo das consecuencias deste tipo de campañas.

O caso de Italia reviste un especial interese. A intransigencia no caso de Aldo Moro atinguu cotas sorprendentes. As seccións sindicais da CGIL foron disoltas en certas universidades e chegouse a propoñer a creación de milicias obreiras antiterroristas nas fábricas. Un dirixente do PCI diría: "Vémonos convertidos en bombeiros coa clase obreira, e en policías coas problemas de orden público".

Un dato a ter en conta é que a operación policial de búsqueda infrutuosa de Aldo Moro, permitiu según cifras do Ministerio do Interior o control de 7 a 10 millóns de persoas en dous meses, isto é, a maioría da poboación adulta. Para algúns comentaristas os resultados electorais do PSI co seu humanismo oportunista, responderon en boa medida á preferencia por un Estado feble e corrupto antes que un Estado policial.

A xustificación da delación en defensa da democracia na prensa alemana e italiana recorda á Alemaña nazi e máis ao países do Leste onde os educadores invitaban aos nenos a sinalar as desviacións políticas dos seus pais, ou ás denuncias que na resistencia francesa e máis na guerra civil española permitiron a realización de venganzas persoais.

O terrorismo pode ser eliminado sempre por medios legais. A OAS que dispoñía de amplo apoio na poboación e no aparato do Estado, foi desmontada sen necesidade de recurrir á delación.

As Brigadas Roxas nunca gozaron de tantas simpatías como a OAS e desde logo as decenas de miles de denuncias que reciben as autoridades de Bonn, non poden evidentemente referirse á minúscula orgaización Baader-Meinhof.

Demócratas para quen as liberdades das que gozan non son formais, humanistas dunha cultura que repugna a violencia, cristiáns cunha moral que limita estritamente o dereito de recurrir á forza, marxistas que condenan a violencia individual cando non se apoia nun movemento de masas, desenrolistas preocupados por manter o orden indispensable para o desenvolvemento das súas operacións, idealistas xenerosos pero ineptos para organizar a acción revolucionaria sobre a que discurren indefinidamente, indiferentes absorbidos polas delecias da sociedade de consumo, a inmensa maioría das poboacións de Europa occidental son naturalmente hostiles ás concepcións e métodos violentos.

Para Leonardo Sciascia no caso italiano a violencia "é a mala herba que nace entre as ruínas de un país. A mala herba sirvelle agora ao poder para encobrir as ruínas, pero o problema da herba ruin só se resolve eliminando as ruínas e non ao revés".

Para outros a raíz do problema está en que o PCI deiceu un amplo sector social privado de representación (e que agora a refuga) e que enfrente non ve máis xa que xestores do poder e da represión,

comunistas incluídos.

O nacemento dun novo fascismo con rostro humano, tras da continua expansión dos aparatos represivos en Europa occidental é a tese que sosteñen outros. A inexistencia progresiva de separacións entre o poder executivo e legislativo, a omnipresencia dos Ministerios do Interior, as restricións ao dereito de defensa, a manipulación dos detidos con drogas, o mesmo decreto aprobado na panzer-democracia alemana, sendo Willy Brandt canceller, que impide o acceso á función pública aos inimigos da constitución, son indicios de que unha nova Europa de Estados policiais está agromando.

A ideoloxía do Estado policial mantén que non hai liberdade sen orden, e que en definitiva o orden é a liberdade. Liberdade vixilada, condicional, nunha sociedade cada vez máis estandarizada, onde a escolla non é tolerada máis que no interior das marxas cada vez máis estreitas que impoñen o aparello de produción.

Neste proceso a chamada Comisión Trilateral non está ausente. Nun dos seus informes encol da crise da democracia, dixe que o orixe daquela está nos "intelectuais e grupos afíns que afirman o seu disgusto pola corrupción, o materialismo e a ineficacia... e que plantexan cuestións sobre a lexitimidade... a coacción, o segredo, o fraude... procedimentos que nalgunha medida son inevitables atributos do goberno". E tamén "afirmar que o único remedio dos males que sofre a democracia é asegurar a democracia, equiva na hora actual a botar aceite no lume".

Curiosamente a democracia é o único réxime que para progresar e mellorar necesita desenvolver o disgusto pola corrupción, o materialismo, o abuso do segredo, polo fraude, que non son nunca inevitables atributos dun réxime de liberdade.

Mais alá do fenómeno do terrorismo, a esquerda europea ten que plantexarse a identificación dos verdadeiros perigos da democracia, ben distintos sen dúbida dos grupos marxinais e do espantallo do autoritarismo das camisas azules ou pardas, os brazos en alto e as concentracións históricas.

O verdadeiro perigo está nese autoritarismo con rostro humano, aparentemente respetuoso coas formas legais, civilizado, cortesmente coactivo, amablemente represivo, con millóns de veciños vixiándose mutuamente, con tecnócratas educados que auxiliados por computadoras naturalmente desprovistas de instintos sanguinarios, farán docemente, discretamente, funcionar as máquinas de moer a crítica, de esterilizar o pensamento, de afogar a liberdade sen un berro de door ou de carraxe.



(Texto dun comunicado, que pola súa inserción mutilada na prensa e polo seu interese reproducimos)

¿RENOVACION DOS PACTOS DA MONCLOA?

Tras un ano de reinado dos Pactos da Moncloa concluímos:

- 1.—Se ben se cumpriron os aspectos de saneamento que corrian a cargo dos traballadores, gracias aos cales o ritmo inflacionario foi frenado e o déficit exterior reducido; a creación dos 400.000 postos escolares de EXB, dos 200.000 de educación preescolar e os 100.000 de BUP, os plans de fomento do emprego xuvenil, a restructuración dos sectores industriais en crise, o establecemento de mecanismos de control e saneamento da Seguridade Social, etc., etc. permanecen aínda inéditos; e non vale dicir, como fai a UCD, que se cumpriran antes de fin de ano, porque é materialmente imposible.
- 2.—O saneamento dos desequilibrios citados (inflación e balanza de pagos) levou emparellada a diminución do nivel de ocupación. O nivel de parados supera o millón, e o estado español, co 34,05 % de persoas que traballan sobre o total da poboación, ostenta actualmente a taxa de actividade máis baixa de toda Europa.
- 3.—E nin a inflación está atallada, nin o déficit da balanza de pagos está correxido, porque permanecen inalteradas as causas básicas que xeneraron estes desequilibrios, nin houbo unha acción correctora decidida dos graves problemas que afeccionan o noso desenvolvemento económico. Os Pactos da Moncloa foron un Plan de Estabilización a corto prazo, encuberto baixo promesas de reforma a longo prazo.
- 4.—Agora téntase a renovación destes pactos; baseada no sometemento dos salarios: un tope de aumento do 12 % fronte ao 22 % estipulado nos pactos pasados.

- 5.—Os acordos que se propoñen teñen natureza de "pacto social" eo mesmo ten que sexan firmados por UGT e CCOO ou que a estas firmas se sumen as do PSOE e PCE, dados os ben coñecidos e estreitos vencellos daquelas centrais sindicais con estes partidos políticos.
- 6.—Tanto o Pacto da Moncloa como a renovación que se intenta, dado o seu plantexamento centralista, ignoran as diferencias de nivel de salarios e de desenvolvemento dentro do estado español. Pois, a simple fixación de medidas conxunturais non resolverá o problema económico de Galicia, nin a grave crise que atravesará o seu sector industrial. O noso problema non é tanto de paro como de inexistencia de postos de traballo endexameis creados. Por isto, calquer pacto amañado en Madrid non fará senón manter as diferencias que existen actualmente no estado español.

En consecuencia, o PARTIDO SOCIALISTA GALEGO (PSG) considera que antes de calquer tipo de pacto a nivel de estado débense plantexar os problemas a nivel de Galicia a elaborar un plan de medidas que nos permitan saír do subdesenvolvemento e do bloqueio económico.

Santiago, 4 de Outubro de 1978
Secretaría de Prensa
Emilio González

OS PATRONS DE EUROPA

Inda que sexa unha visión un pouco esquemática, é interesante a clasificación das burguesías que establece D. Lénegre, membro do P.S.U. francés, nun dos seus traballos. Pra aquel, as forzas actualmente no poder en Europa repartense nos tres seguintes grupos:

- a.— Unha burguesía nacional dirixente de empresas que subsisten por unha renda local ou polas facilidades do Estado, electorais ou razón similares. Incapaz de se modernizar e competir internacionalmente, está abocada irremediabilmente á desaparición sendo claramente hostil ó Mercado Común. O esencial do seu xeito de traballo é a sólida rede de relacións coa función pública nunha ósmosis perfecta entre altos funcionarios e dirixentes de empresa. A este grupo preténdese asimilar consentemente a cantos se opoñen ó Mercado Común por outras razóns.
- b.— Unha burguesía internacional portavoz das multinacionais. O seu obxectivo é aplicar a súa estratexia nunha zona tan ampla como sexa posible. Poden adaptarse igualmente a un mercado homoxéneo que ás diferencias existentes nos diferentes ámbitos estatais. Está satisfeita pola situación creada polo Mercado Común e quere tanto a súa extensión como a súa porfundización. O único atranco pra elas sería a aparición de institucións dotadas de poderes considerables e apoiadas polos medios técnicos económicos

e políticos que comportaría unha Europa unida perseguindo outros obxectivos que os que corresponden ás empresas multinacionais.

- c.— Unha burguesía que se desenvolve á sombra do Mercado Común nalgún dos países da Comunidade capaz de dominar o mercado europeo pero hoxe por hoxe impotente ante os xigantes americanos. Estas son as que constitúen a base da pretendida "Construción Europea". Estarían de acordo en que unha "política europea" as protexera contra a competencia exterior e lles proporcionara subvencións e apoio técnico que lles asegurara algunha ventaxa sobre os seus adversarios. Hostiles as políticas estatais susceptibles de frenar o seu crecemento, estarían por unhas institucións comunitarias que fosen a expresión dos seus intereses fronte ás máis poderosas, e que poideran servir pra crear un imperialismo europeo en conflito cos outros.

Pero hoxe por hoxe as empresas que poderían servir de base económicas a Europa, nin teñen talla europea, nin intereses especificamente europeos máis que de maneira provisoria. Antes ou despois o trust demasiado feble pra facer fronte ás presións exteriores será integrado por un conxunto máis vasto ou ben a lóxica do crecemento capitalista levará exercer a súa influencia fora de Europa e adquirir unha estrutura multinacional e por conseguinte con

intereses que non coincidirán cos de Europa e cuíais actividades non estarán xa vencelladas ó desenvolvemento europeo. De xeito que as institucións europeas poden chegar a ser un freno ou un atranco que lles tenten de impoñer uns obxectivos que non son os seus. E o caso da Shell, Unilever ou Philips.

Sendo o único fin do Mercado Común o favorecer a expansión do capitalismo salvaxe, xenera forzas que responden unicamente ós mecanismos do beneficio e praos que Europa non é máis que un campo nun intre do seu medre, un medio de desenvolvemento, pero nunca unha estrutura da que teñan necesidade de xeito permanente.

O Mercado Común non provoca, pois, a aparición dunha patronal europea. Europa podería chegar a converterse nunha comunidade de homes, nunha comunidade de traballadores, praos patrons non sería máis que unha xustaposición de rivalidades. Praos franceses da Wendel, a alemá Krupp é un enemigo aínda máis noxento e abafante que a U.S. Steel, e non teñen pois interese algún en común pra se defender contra a americana.

O Parlamento multinacional elixido por sufraxio universal do que se está a falar, o único que pode proporcionar xa, é unha dubidosa lexitimidade democrática a unha Europa atlántica, pero non europea.

ENCANTRO "UNION DE ESQUERDA PRA DEMOCRACIA SOCIALISTA"—"PARTIDO SOCIALISTA GALEGO".

O pasado sábado, día 7 de Outubro, celebrouse na cidade portuguesa de Viana do Castelo o primeiro dunha serie de encontros que a nivel de dirección levarán a cabo a UEDS e mais o PSG.

O intercambio de información da situación política nos dous países, a problemática que afecta ó socialismo de esquerda na península ibérica, posibles intercambios e colaboracións sobre temática concreta e a programación de aqueles e destas prós próximos meses foron os puntos tocados nesta sesión de traballo entre os dirixentes dos dous partidos.

O PSG califica o resultado deste encontro como moi positivo.

SUSCRIBETE A:
"GALICIA SOCIALISTA"

Axudaras a auténtica voz dos socialistas galegos.

Ronda de Outeiro
Edif. Divina Pastora, Baixo 9
A CRUÑA

Biblioteca de Comunicación
e Hemeroteca General
CEDOC

A POESÍA PALESTINA ENTRE A FERIDA E O SOÑO DA TERRA

Por Ihar Ben Jelloun

"Verlo dunha familia de axila e da verba 'Amén', sobor das costas do pasado tiña un soño, unha nai, tiña un saco de estrelas, veño de calqueira lugar, das promesas dunha muller ferida, saíra da rachadura dun tecido" (...)

Quen así fala é un soldado, un combatente das áreas, nado embaixo dunha tenda, nun campo de refuxiados, cunha identidade vacilante, unha identidade a reconquistar, un nome a levar e a defender. É un fillo da ferida e do soño. Un soño tolo: unha patria, unha terra e unha oliveira. O soldado é tamén un poeta. É a voz de Mahmoud Darwich, poeta da resistencia palestina.

A poesía palestina é contemporánea do tempo brutal e da historia falsificada. O pobo palestino espallado entre as negras tendas e a desesperación, logo ergueu a súa voz. Non só para recitar discursos senón para falar do cotián, da memoria amareada nos campos, falar dun soño urgente: o de existir.

Ningún pobo viviu sen poesía. O pobo palestino, cercais máis que ningún outro mesturou a poesía coa loita supervivencia no combate militar e na resistencia. A poesía palestina é ante todo un útil de combate que se preocupa pouco de modas literarias. Así, nas "Crónicas da dor palestina", Mahmoud Darwich responde á poetisa Fadwa Touqan:

"Non éramos recién nados, antes de Xunio, por iso a nosa pasión non se esmigallou entre as cadeas. Velafí vinte anos, ¡Ou miña hirmán! que nos non escribimos poemas senón que combatimos".

Isto non lle resta nada á súa calidade e á súa forza. A poesía seguiu pouco máis ou menos a evolución política. Os poemas dos anos 60 percorrían facer ouvir a voz de Palestina, hoxe os poemas testemuñan a determinación dun pobo a recobrar a súa terra e a súa identidade. Poesía para a existencia, esencial na memoria dun pobo, existente, molesta. O seu alcance é real, dela nace o temor á subversión das autoridades da ocupación. Raras son as institucións políticas e militares que non terían abafar a voz do poeta. Hummayad foi asinado en 1950 polos invasores de Galilea. Era querido porque falaba para quen non tiña o dereito á palabra. Os cantos de Hummayad seguiron circulando nos campos, baixo as tendas. Non era a primeira voz abafada. Abdelatif Laibi recolle na súa antoloxía un texto anónimo dun mozo palestino aforcado unha mañán de 1936:

"¡Ou noite! Deixa que o preso remate as súas lamentacións. Non creas que é o medo o que me fai vir as bágoas, choro sobor da miña patria e sobor dos nenos que deixei na casa. ¿Quen os alimentará despois se os meus dous hirmans foron aforcados antes ca min..."

Para Samih Al Qassim, poeta dos territorios ocupados, a poesía non é só un combate, senón tamén un sopó de vida: "A poesía para min quere decir: Eatou vivo, existo".

Existir, fora das noxentas leendas semantadas polos antergos, ser da terra, ser a terra mesma, esta é a procura da identidade. Samih AL Qassim, nado en 1939 en Zargah, orele oriental do Xordán, non deixou a terra dos devanceiros. Refugou o exilio e fixo dese rexeitamento un símbolo da resistencia. Di: "A nai simboliza os árabes que quedaron no interior". A súa primeira obra é de 1958, o seu título: "Cortejo do sol". Pero coa derrota de xunio de 1967 a súa poesía xurdiría coa urxencia dun novo nacemento:

"O cinco do pasado mes de xunio devolvémoslle á morte ás súas valizas diplomáticas, arricámoslle o vento occidental tódalas decoracións manchadas do sangue dos nenos e da vergenza dos escombros (...). Mais para que todo o mundo escoite o que dixer, repitos o 5 de xunio pasado voltamos ó mundo

Con esta xeneración de poetas palestinos alonxados da corrente pesimista e lirica da poesía árabe, hai máis que unha chamada á resistencia, hai un renacemento do novo home árabe, o home do rexeitamento, que martela as verbas na violencia da historia dunha revolución.

A realidade dos campos e da exclusión, a ferida vivida e a brutalidade impoñen ó poeta palestino unha creba coa retórica clásica e o rexeitamento da lamentación. É unha poesía que se desmarca dun pasado recente ou lonxano impreso pola nostalgia.

Non fai máis concesións, fala da caída das máscaras e da "traición dos hirmans". A creba non significa o abandono do patrimonio popular, senón o contrario, revalorizar e integrar este patrimonio ameazado de desaparición cunha nova visión é o que supo facer AL Qassim. Coa mesma existencia, outro poeta que tamén quedou en Galilea, Tawfiq Az Zayad, que non deixou a súa terra, que quixo quedar co seu pobo, "gardians da sombra dos laranxos e das oliveiras", di a quen intentan desaloxalo:

"Sembramos as ideas como levadura na masa, os nosos verinos son de xelo pero os nosos corazóns votan lume. Si temos sede exprimíremos as pedras, comeremos terra si temos fame, PERO NON PARTIREMOS e non seremos avaros co noso sangue. Eiquí temos un pasado, un presente. Eiquí está o noso porvir..."

Fadwa Touqan, nada en Napluse onde quedou despois da ocupación en 1967, é testigo da derrota, ouxeto de asolamento cotián, fala da evidencia da ferida e do odio depositado no seu corpo:

"¡Ou meu odio atreguizante! Mataron o amor en min. Transformaron o sangue das miñas veas en glicerina e brea."

A Mahmoud Darwich reprochóusele o ter deixado os territorios ocupados pra irse a Moscú. A volta instalouse en Beirut onde dixeu unha revista editada polo Centro de investigacións da O.L.P. Un dos seus primeiros poemas, "Carnet de identidade", convertírase nun dos máis célebres da poesía palestina:

"Inscribo: son árabe, o número do meu carnet é o cincuenta mil, teño oito fillos e o noveno... virá despois do verán ¿anoxaraste? Inscribo: son árabe, traballo cos meus compañeiros de sorte nunha canteira, teño oito fillos, arrincolles da roca o pan, os vestidos e as libretas, non veño a medigar a tua porta e non me axonillo nas loúzas do teu adro ¿anoxaraste? (...) Amo por riba de todo o aceite de oliva e o tomelo Omeu enderezo: Unha aldea perdida... esquivada, con ruas sen nome, e todos os seus homes... no campo como na canteira aman o socialismo ¿anoxaraste?"

Neste poema claro e directo, reconócese a tódolos homes coa identidade confiscada, asolado por unha autoridade invasora. Poema-manifesto, militante, necesario no intre en que a identidade palestina inda non se impuxera no mundo, pero que hoxe Mahmoud Darwich considera superado tanto na forma como no contido e refuga recitalo cando llo piden porque seguir declamándoo sería non ter en conta a evolución da resistencia e das súas conquistas. Os derradeiros textos de Darwich desconcertan ós que esperan atopar unha poesía de resistencia clásica, con slogans e anacos de bravura. Convertido dalgun xeito no "embaixador do soño, palestino" soupo evitar a trampa do eventual e do circunstancial. Non só contribuíu a darlle novas dimensións á poesía sinón que participou, ó mesmo título que o poeta sirio Adonis na revolución da poesía árabe de hoxe. Rica e difícil, complexa e moi elaborada, a poesía de Darwich supera con

moito o marco dunha poesía de resistencia e impónse na vangarda da literatura árabe.

Non se pode deir o mesmo de Moine Bessissou, coñecido pola súa arte do recital. Sabe falarlle ás multitudes. Viveu a guerra civil do Líbano e presenciou a caída de Tel-El-Zaatar, o que o incita a escribir decote poemas na corrente do realismo simbólico.

A nova xeneración que se afirma neste intre non racha co grupo Qassim-Touqan-Darwich. Carece de audacia no proceso de rexeitamento e creba coa poesía árabe clásica. Digamos que estas voces teñen aínda máis tendencia a politizar os seus escritos.

Khaled Abou Khaled, nado en 1944 na Cisjordania, traballo con minuciosidade a estrutura do poema co que quixera responder as súas conviccións marxistas. Estudante no Cairo, manteña na súa poesía a herencia dos poetas exipcios que marcaron a xeneración dos 60, Abd Assabour e Ahmed Higazy. Voz labrega, Khaled non se afasta de dous temas constantes da poesía palestina: a terra e a volta. A terra cantada con lirismo. Un canto a varias voces, un xeito de dicir a complexidade do vivido en suspense. É tamén a palabra da sinxeleza e da serenidade, a da lucidez o nomear as cousas como neste extracto de "O viaxeiro":

"Hacia si son levado polo paxaro da nostalgia que se endura dos regatiños, ou da ponte dunha oliveira, para pousar as súas ás alí tras unha estación de verdor. (...) Estes tempos crueles ouvirán un día a voz do profeta anunciando a chegada do noso Xerusalem".

Autor de cinco obras, Khaled acaba de publicar "Non me coñece a oliveira" poema sobor da guerra civil do Líbano na que se atopa entre os combatentes.

Ahmed Dhahbour é, sen dúbidas, a revelación destes anos. Está considerado como o novo Darwich. Despois da masacre de 1970 en Amman, publicou "Karbal", un dos textos máis fermosos desta nova xeneración dos campos e das masacres de Xordania e Líbano.

De orixen moi probe, este mozo nado e puro introduciu na poesía palestina a realidade do campo. Sobria e dunha lucidez acada, Dhahbour bórrase detrás do que escribe.

Non quere alterar a escritura senón de dicir no linguaxe dos reclusos baixo as tendas o que esta época fai sufrir á súa familia e ó seu pobo. No que di hai pudor e verdade. Define coa existencia dun neno aquilo que non pode soportar, sen demagoxías, sen retórica. Está alí, onde pensa que debe estar, entre os desheredados, entre os que

loitan. Estando moi próximo a Darwich, reclámase nembargantes dos grandes poetas clásicos como Al Mutannabi e Al Maari. A palmeira de Amman" é un dos seus poemas encol da masacre de 1970:

"Marcharon... deixáronme sobor do tronco da palmeira e enton medrei a través das súas pontas, medrei con elas, e, como testemuña, tomábale o vento que acariciaba as miñas feridas: os cascos dos soldados, un patria calda en farapos, as fiestras do pazo tráenme os aulidos, un tellado cai sobre a cabeza dun neno o berro dunha nai aflixida ela celebra a entrada dos Rexes na aldea tranquila (...). Abandonado ós meus sonos rotos medrei na sava da palmeira e convertínome no seu perfume e no seu froito..."

Ea un día quere...

convirteime en vento e tomo ó vento como...

Hai outros poetas que non son tan coñecidos como May Sadeh, Ad Al Barghothi, Sakhr, Yahia Agha, ou Rached Hessine, etc. Abou Assabour é un lugar aparte. É un narrador, un poeta e un pobo que prefere contar e falar máis que escribir. Apropia do método do testemuño coa sensibilidade e hucha. Para el o poema é un encontro coa realidade e quere que no lume, no canto e na danza, celebre o poema da terra ferida e a multitude que non se deixa abafar pola nostalgia dun Dun Kalsoum. É un imaxoxia oportunista como o libanés Ad Qabani, coñecido, por cantar o tempo menino e que nos seus textos ven de buscar a muller por Palestina.

O público do mundo árabe está moi atento á poesía palestina. No último festival de Cartago, onde actuaron Adonis, Darwich e Qabani, había máis de 5.000 espectadores.

Na súa antoloxía Laibi conclúe en 1977: "Así por riba das fronteiras creadas polos ocupantes, por riba das lomas e das rúas, as ráfagas dos combatentes o mesmo tempo que os poemas de Darwich, Al Qassim, Az Zayad e de tódolos poetas palestinos mantíñen día e noite un diálogo outamente poético e revolucionario".

Falando dos nenos de 1948, Al Qassim di:

"¡Ou meus hirmans morenos e espídos! soñando unha bandeira ¡Ou meus hirmans espallados! e ¡ou meu poema desgraciado! Aínda temos que seguir a oración dos xustos aínda nos queda liña antes de darlle a volta á historia."

